



CiTIUS

Centro Singular de Investigación
en **Tecnoloxías Intelixentes**

Regulamento da figura de persoal colaborador

Xuño 2021

Regulamento da figura de persoal colaborador

Este documento regula a figura de persoal colaborador do CiTIUS, establecendo o procedemento para ser considerado como tal e os seus dereitos e deberes. O principal obxecto deste regulamento é o de definir unha figura que aporte e reciba valor da súa colaboración co Centro.

Definición de persoal colaborador

A continuación transcribimos a definición de investigador colaborador tal como se establece no *Regulamento de réxime interno do “Centro Singular de investigación en Tecnoloxías Intelixentes” (Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010, e modificador por acordo do Consello de Goberno do 28 de maio de 2019, 22 de maio de 2020 e 28 de maio de 2021), Artigo 12:*

Persoal colaborador: persoal investigador que colabore asiduamente nalgún proxecto ou programa do centro que se adscribirán ao mesmo en base aos criterios e procedementos que a tal fin se establezan, que en calquera caso incluírán un proceso de selección supervisado pola Comisión Científica Externa.

No caso de persoal colaborador doutras institucións poderanse establecer convenios ou acordos específicos de colaboración. O/a director/a científico/a do CiTIUS valorará e, no seu caso, aprobará as solicitudes para ser persoal colaborador do centro. Ditas solicitudes farán constar brevemente as achegas científicas máis relevantes e a proposta de colaboración científica co centro da persoa candidata.

O período de colaboración será de dous anos, renovable previo informe favorable da dirección científica do CiTIUS.

A persoa beneficiaria da condición de persoal colaborador do CiTIUS deberá obter, de ser o caso, todas as autorizacións que procedan para o seu desempeño como tal por parte dos organismos cos que teña relación laboral e/ou profesional. A colaboración co CiTIUS non supón ningún tipo de vinculación laboral coa USC.

A dirección do CiTIUS poderá asignar ao persoal colaborador un espazo de traballo no centro, así como proporcionar acceso ao seu equipamento e infraestruturas científico-técnicas, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento da súa colaboración científica co CiTIUS.

O persoal colaborador do CiTIUS poderá facer un uso público de dita condición e poderá reflectir a mesma, previa autorización por parte da dirección do CiTIUS, nas súas contribucións científicas, sen menoscabo de que tamén o faga con outras organizacións, nomeadamente aquelas coas que manteñan unha relación laboral e/ou profesional.

Procedemento de asociación ao CiTIUS como persoal colaborador

1. Cada persoa candidata a persoal colaborador elaborará unha expresión de interese na que se farán constar brevemente as súas achegas científicas máis relevantes e a súa proposta de colaboración científica co centro, facendo indicación expresa dos investigadores adscritos e ámbitos científicos do Centro ós que atinxe esta proposta de colaboración.
2. O director científico do CiTIUS, de acordo con criterios de relevancia científica e alíñamento co perfil científico-tecnolóxico e a estratexia do Centro, someterá a informe da súa Comisión Científica Externa a candidatura daquelas persoas que soliciten ser consideradas como persoal colaborador do CiTIUS.
3. As candidaturas, unha vez informadas pola Comisión Científica Externa, poderán ser aprobadas pola dirección científica do CiTIUS e, de ser así, serán comunicadas a dita Comisión e á Comisión Reitora do CiTIUS.
4. O período de asociación dun investigador ao CiTIUS establécese por dous anos, renovable por outros dous anos, previo acordo entre ambas partes. Transcorridos 4 anos, poderase acordar a renovación da asociación, por períodos sucesivos de tres anos, previo informe da Comisión Científica Externa do CiTIUS.

Dereitos e deberes do persoal colaborador

1. A asociación ao CiTIUS aquí regulada non supón ningún tipo de vinculación laboral coa USC nin outros dereitos ou deberes que os que estritamente se regulan neste documento.
2. A persoa beneficiaria da condición de persoal colaborador do CiTIUS deberá obter, de ser o caso, todas as autorizacións que procedan para o seu desempeño como tal dos organismos cos que teña relación laboral e/ou profesional.
3. A dirección do CiTIUS poderá asignar ó persoal colaborador un espazo de traballo no centro, así como proporcionar acceso ao seu equipamento e infraestruturas científico-técnicas, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento da súa colaboración científica co CiTIUS.
4. O persoal colaborador do CiTIUS poderá facer un uso público de dita condición e poderá reflectir a mesma, previa autorización por parte da dirección do CiTIUS, nas súas contribucións científicas, sen menoscabo de que tamén o faga con outras organizacións, nomeadamente aquelas coas que manteñan unha relación laboral e/ou profesional.
5. O persoal colaborador do CiTIUS poderá participar naquelas convocatorias de carácter interno que así o permitan. Será o caso en xeral cos programas propios (do tipo das Bolsas de Verán, Axudas para o Inicio á Investigación, Axudas para o Inicio da Etapa de Tese). En todos os casos as solicitudes que se formalicen para concorrer a estas convocatorias serán conxuntas con un ou máis investigadores con vinculación permanente ao Centro.

Finalización da asociación

A condición de persoal colaborador ao CiTIUS pode rematar:

1. Ao finalizar o período de asociación ou calquera das súas prórrogas, no seu caso.
2. A instancias da dirección do CiTIUS.
3. A instancias da persoa (persoal colaborador), previa comunicación ao director do CiTIUS.

A Comisión Científica Externa e a Comisión Reitora do CiTIUS serán informadas pola dirección científica do Centro das altas e baixas de persoal colaborador do Centro.